

BANDO INFORMATIVO

DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE-PRESIDENTE do Concello de Oroso (A Coruña),

Informa da apertura do prazo DE SOLICITUDES PARA O PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR PARA COIDADORES/AS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

■ Persoas beneficiarias e requisitos:

Poderán participar, con carácter xeral, aquelas persoas maiores de 16 anos que teñan **recoñecida unha discapacidade ou un grao de dependencia III e II ou aqueloutras persoas que, non reunido o requisito anterior, requiran da atención dun/ha coidador/a**, segundo se acredite no informe médico e social, e que ademais reúnan as seguintes condicións:

- Ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia
- Non estar afectado por enfermidade en estado agudo nin en fase terminal
- Non estar afectado por enfermidade infectocontaxiosa activa, trastornos mentais ou de conduta graves e non compensados que poidan alterar a normal convivencia
- Efectuar a oportuna solicitude e pagamento do prezo estipulado

■ Modalidades e prezos: Os gastos de desprazamento desde o domicilio dos/as beneficiarios/as ata o lugar de destino e viceversa serán por conta dos/as interesados/as.

- Estadías quincenais: O prezo total da praza establécese en 791,5 €/ por quincena (52,76 €/dia).
- Estadías de fin de semana: O prezo da praza establécese en 124€/ por fin de semana(62 €/dia).

As persoas contribuirán ao financiamento da estadía en función dos seus ingresos económicos:

| | |
|---|-----|
| ➤ Inferiores ao IPREM | 40% |
| ➤ Superiores ao IPREM e inferiores a 1000 € | 55% |
| ➤ Superiores a 1000€ e inferiores a 2000 € | 75% |
| ➤ Superiores a 2000 € | 90% |

■ Lugar de presentación: Departamento de Servizos Sociais do Concello _Rúa do Deporte (baixo), Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono : 981 688 950 . Luns, martes, mércores e venres de 9:30 a 13:30.

■ Prazo de presentación:

A presentación das solicitudes poderá facerse durante **todo o ano** e sempre polo menos cun mes de antelación á data para a que se solicita a quenda, agás situacións de emerxencia sobrevida (enfermidade ou accidente do/a coidador/a ou similares) e debidamente xustificadas.

O que se fai público para xeral coñecemento en Oroso, o 21 de marzo de 2013

O ALCALDE - PRESIDENTE,

Manuel Mirás Franqueira